



34524-212

XEFATURA

INFORME-PROPOSTA

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 23 de novembro de 2010 aprobou o expediente de contratación para a adquisición en réximen de arrendamento (renting) de 18 vehículos para a Policía Local, cos seus pregos técnicos e cláusulas administrativas particulares.

No apartado 5.1 do prego técnico contense un requisito que non cumpren os vehículos fabricados en serie, e que en caso de manterse, dificultaría notablemente o seu cumprimento polos interesados ao ter que interesar homologacións de tipo conforme á normativa comunitaria, sen que dese requisito se siga un especial beneficio para o interés público concernido.

Por isto, o funcionario que suscribe ven en propor á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- O apartado 5.1 do prego de prescricions técnicas de 09 de novembro de 2010, incorporado ao expediente de contratación 34411-212 aprobado pola Xunta de Goberno Local de 23 de novembro de 2010, pasa a ter a seguinte redacción:

#### 5.1 HABITÁCULO DIANTEIRO

Os asentos dianteiros deberán ser os orixinais que equipe o vehículo de serie, se ben reforzados fronte ao especial desgaste que poidan sufrir polo rozamento contra os elementos (pistola, defensa, grilletes, etc.) que integran a dotación personal de seguridade dos funcionarios policiais.

2º.- O presente acordo será obxecto de publicidade nos termos previstos no art. 126 da Lei 30/07.

3º.- Establécese un novo período para presentación de proposicións, que remata o 01 de febreiro de 2011.

Vigo, 17 de decembro de 2010

O SUPERINTENDENTE XEFE DA POLICÍA LOCAL

CARMELO DEL CASTILLO MARTÍN

VISTO E PRACE

MESMA DATA E LUGAR

O CONCELLEIRO-DELEGADO DE MOBILIDADE, SEGURIDADE E TRANSPORTES

XULIO CALVINO RODRÍGUEZ